

**MINISTERIO TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA**

**Dirección Xeral de Función Pública**

**COMISIÓN TÉCNICA DE TEMPORALIDADE E EMPREGO**

06/06/2025

O martes 3 de xuño tivo lugar unha xuntanza na Dirección Xeral de Función Pública da Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego de **carácter INFORMATIVO**, con dous puntos na orde do día:

**\* Balance das medidas de axilización dos procesos selectivos.**

A Subdirección de Planificación limitouse a dar datos estadísticos sobre a execución da OEP 2024, confirmando que se reduciron os prazos nos diferentes procesos de xa desenvolvidos (en ningún caso supera os 12 meses) en aplicación das medidas recollidas no R.D. 6/23.

A **C.I.G.** manifestou que aínda se tiña que profundizar máis na simplificación dos procesos e garantir o cumprimento dun calendario que fose no só orientativo se non de obrigado cumprimento por parte da administración.

Trasladamos o malestar que existe sobre todo na “promoción interna”, onde os tempos no seu desenvolvemento seguen a ser moi longos co agravante de que se está a ofrecer as prazas as quendas libres antes que aos de promoción interna, incumplindo a lexislación vixente. A administración segue sen dar resposta a este xeito de actuar. Solicitamos que por parte da administración se analizasen os motivos que levan a que na promoción interna estén a quedar tantas prazas vacantes (sobre todo no Grupo A2).

**\* Presentación do proxecto piloto de atención a cidadanía.**

A **CIG** manifestou, unha vez máis, que non compartimos este xeito de actuar nin o “novo deseño” de administración que está a querer implantar. A administración segue coa súa “folla de ruta” marcada polos “fondos europeos” e que **deixa totalmente ao marxe aos sindicatos**.

Informanos que segue a desenvolver o recollido no R.D. 6/23 e na “orde ministerial” sobre Planificación Extratécnica dos RRHH da Admon do Estado, e a súa única intención é informar da metodoloxía de traballo que administración usará para o proxecto piloto de desenvolvemento das áres funcionais de atención ao público.